

EXPEDIENTE:	2022/00030651T
PROCEDEMENTO:	Aprobación das bases de subvencións (RV)

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS Á REHABILITACIÓN AO ABEIRO DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2013_2016 CORRESPONDENTES Á **FASES 1** DA ÁREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO **BARRIO DE VITE** DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Capítulo 1 DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1 OBXECTO E FINALIDADE

A presente convocatoria ten por obxecto, tal como establece o do artigo 20.1 e 2 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia (en adiante LSG), o inicio do procedemento de concesión de axudas a actuacións ca finalidade de rehabilitar edificios residenciais na Área de Rexeneración e Renovación Urbana do **Barrio de Vite** de Santiago de Compostela, de acordo co compromiso adquirido polo Concello no marco do Acordo da Comisión Bilateral asinado o **26 de outubro de 2017** relativo á Fase 1 (en adiante **ACB 26.10.2017**) e a Addenda de data **29 de xuño de 2020** pola que se amplía o número de actuacións do citado acordo (en adiante **ADD 29.06.2020**).

Artigo 2 NORMATIVA ESPECÍFICA DE APLICACIÓN

De acordo ao artigo 20.2.a da LSG, indícanse as seguintes disposicións nas que se establecen as bases reguladoras e demais normativa específica de aplicación a esta convocatoria:

- . Orde do 23 de xuño de 2017 da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras das axudas autonómicas previstas para o programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.
- . **Ordenanza xeral reguladora das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rehabilitación integral (BOP nº 293 de data 23 de decembro de 2006).**
- . Real Decreto 233/2013, de 5 de abril, polo que se regula o Plan Estatal de fomento do alugueiro de vivendas, a rehabilitación edificatoria e rexeneración e renovación urbanas 2013-2016 (en adiante PEV 2013_2016).
- . Disposición adicional terceira sobre Áreas de rehabilitación integral do Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- . Real Decreto 637/2016, do 9 de decembro, no que se prorroga o mencionado Plan Estatal que, en virtude da súa Disposición adicional única, se rexerá polo disposto no Real Decreto 233/2013, do 5 de abril.

- . Convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia, de 31 xullo de 2017, para a execución da prórroga do Plan 2013-2016, conforme ao establecido no artigo 3 do Real Decreto 233/2013.
- . Addenda de data 3 de febreiro de 2021 pola que se prorroga o PVE 2013-2016 ata o 31 de decembro de 2022, e dilixencia do IGVS de data 5 de abril de 2021 na que se fixan os prazos máximos para a concesión das axudas (1 de outubro de 2022) e para execución das actuacións (31 de decembro de 2022).
- . Bases de execución do orzamento municipal do ano 2022

Artigo 3 NÚMERO DE ACTUACIÓNS, FINANCIAMENTO E CRÉDITO ORZAMENTARIO DISPOÑIBLES

De acordo ao artigo 20.2.b da LSG, o financiamento e o número de actuacións dispoñibles para estas axudas son as cantidades remanentes que quedan das recollidas no **ACB 26.10.2017** e na **ADD 29.06.2020** correspondentes á Fase **1**, unha vez descontadas as concedidas en anteriores convocatorias, o cal representa un numero de **48** actuacións e un financiamento, distribuído segundo as achegas correspondentes a cada unha das administracións, de:

- . **231.983,86 €** Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana
- . **66.281,10 €** Xunta de Galicia
- . **298.264,96 €** TOTAL

Deste xeito, a contía total máxima das subvencións convocadas dentro dos créditos orzamentarios dispoñibles ascende a **298.264.96 €**, que constitúe o límite das axudas que se poden conceder nesta convocatoria. Este crédito se executará con cargo á aplicación orzamentaria **050 15220 7800000/2022** de acordo ao proxecto de gasto con financiamento afectado **2018 2 AVITE 1**.

Artigo 4 CONTÍA DAS SUBVENCIÓNS

De acordo ao establecido no R.D. 233/2013, do Plan Estatal de Vivenda, na Orde do 23 de xuño de 2017 da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras das axudas autonómicas previstas para o programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016 e no Convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia, de 31 xullo de 2017, para a execución da prórroga do Plan 2013-2016, a contía máxima das subvencións será o menor dos seguintes límites:

- a. Limite porcentual sobre o orzamento subvencionable:
 - . 35% con cargo á achega do Ministerio
 - . 10% con cargo á achega da Xunta
- b. Limites unitarios por vivenda ou, no caso de edificios residenciais colectivos, por cada 100 m² de superficie útil de local:
 - . 11.000 € con cargo á achega do Ministerio
 - . 4.000 € con cargo á achega da Xunta

Artigo 5 RÉXIME DE CONCESIÓN E COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

De acordo ao artigo 20.2.d e 20.2.i da LSG, establécese como procedemento de concesión o ordinario de concorrencia competitiva, ao que se lle aplicará o réxime de prelación establecido nesta disposición, recollido en capítulo aparte.

As subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública, sempre que a suma do importe de todas elas non supere o custo total da actuación concreta, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Non poden ser beneficiarias deste programa as persoas beneficiarias das axudas do Programa de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do Programa de fomento do parque de vivenda en alugueiro e do Programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do Plan Estatal de Vivenda.

Artigo 6 REQUISITOS PARA SOLICITAR A SUBVENCIÓN

De acordo ao artigo 20.2.e da LSG, e a Orde do 23 de xuño de 2017 da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras, nesta disposición recóllense, en capítulo aparte dada a súa complexidade e extensión, os requisitos da persoas beneficiarias e das actuacións subvencionables e o xeito para acreditarlos.

Artigo 7 ÓRGANOS MUNICIPAIS COMPETENTES

De acordo ao artigo 20.2.f da LSG, indícanse os órganos competentes para o desenvolvemento desta convocatoria:

- . A Oficina municipal de Rehabilitación será a responsable da tramitación dos expedientes relativos ás solicitudes de axuda á rehabilitación que se convocan nesta disposición.
- . A Comisión avaliadora estará composta por tres funcionarios adscritos á antedita Oficina ou, no seu defecto, ao Servizo de Urbanismo do Concello, actuando como secretario/a, sen voto, un/unha funcionario/a da Oficina.
- . O órgano competente para acordar as resolucións relativas as subvencións tramitadas de acordo coa presente convocatoria será a Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago. De acordo ao artigo 20.2.k da LSG, indícase que os acordos da Xunta de Goberno Local de concesión ou denegación das subvencións poñen fin á vía administrativa.
- . Consonte coas Bases de Execución do Orzamento, o órgano competente para a ordenación do pagamento será a Concellaría de Economía e Facenda.

Artigo 8 PRAZOS DE SOLICITUDE E DE XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

De acordo ao artigo 20.2.g da LSG, establécese como prazo de presentación das solicitudes o de un (1) mes contado a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

De acordo ao artigo 20.2.m da LSG, e co disposto no R.D. 233/2013, do Plan Estatal de Vivenda, no Real Decreto 637/2016 no que se prorroga o mencionado Plan, no Convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a

execución da prórroga e na Addenda de data 3 de febreiro de 2021 na que se prorroga o PVE 2013-2016 e a dilixencia do IGVS de data 5 de abril de 2021, a data máxima de xustificación da subvención será o 31 decembro de 2022.

Artigo 9 PRAZOS DE RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓNS

De acordo ao artigo 20.2.h da LSG, e a ordenanza de aplicación, nesta convocatoria recóllese, en capítulo aparte dada a súa extensión, os prazos de resolución e notificación así como o procedemento de tramitación das axudas solicitadas ao abeiro desta convocatoria.

Artigo 10 PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

As solicitudes, documentación e xustificación relativa aos expedientes das axudas reguladas nestas bases, presentaranse no rexistro xeral do Concello, nalgún dos seus rexistros auxiliares ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, de acordo cos procedementos establecidos nestas bases e os modelos normalizados incorporados como documentos anexos, e nos prazos establecidos na convocatoria.

Artigo 11 TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das persoas solicitantes serán incorporados aos ficheiros municipais, cuxa finalidade é a instrución do procedemento para a concesión das axudas, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das actividades correspondentes e demais actuacións previstas na normativa legal para a conclusión do proceso de inscrición e adquisición de prelación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A Oficina de Rehabilitación e Vivenda do Concello de Santiago de Compostela será a responsable do seu tratamento, ante a cal se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, dereito á limitación do tratamento e dereito á portabilidade, no seguinte enderezo:

Rúa Casas Reais, 8, 2º, 15704, Santiago de Compostela

ocihr@concellodesantiago.gal

De conformidade co disposto polo artigo 14.1 ñ) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, infórmase aos interesados da existencia da Base nacional de datos das subvencións.

Artigo 12 MARCO XERAL NORMATIVA

A normativa xeral de referencia para a aplicación destas bases é a seguinte:

- . Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións do Estado (LXS en diante).
- . Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións do Estado.
- . Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- . Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Capítulo 2 REQUISITOS PARA A SUBVENCIÓN

Artigo 13 PERSOAS BENEFICIARIAS

De acordo cos artigos 6 e 28 do R.D. 233/2013 que regula o Plan Estatal e 11 da Orde de 23 de xuño de 2017, e o artigo 26 da Ordenanza, poderán ser persoas beneficiarias das subvencións as promotoras das actuacións de rehabilitación que sexan:

- . Comunidades de propietarios ou agrupacións de comunidades de propietarios constituídas segundo o disposto no artigo 5 da Lei de propiedade horizontal.
- . Persoas que agrupadas sexan propietarias de edificios e reúnan os requisitos establecidos no artigo 396 do Código Civil e non outorgaran o título constitutivo da propiedade horizontal.
- . Persoas propietarias únicas de edificios.

Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias aquelas:

- . En que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia ou no artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
- . Que, de acordo co artigo 28.3 do R.D. 233/2013 que se regula o Plan Estatal e 11.6 da Orde do 23 de xuño de 2017, se beneficiasen de axudas do programa de rehabilitación edificatoria do R.D. 233/2013 para o mesmo obxecto.

Artigo 14 ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Terán a consideración de actuacións subvencionables, de acordo co disposto no artigo 26.1.a) do R.D. 233/2013 e no artigo 9 da Orde do 23 de xuño de 2017, as definidas no artigo 124 do Plan xeral de ordenación municipal vixente sobre "Actuacións nos edificios existentes", que se efectúen sobre elementos e instalacións comúns de edificios de uso residencial colectivo, co obxecto de adecuar á normativa vixente os edificios que se atopen no ámbito da área de rehabilitación integral obxecto da convocatoria.

No caso de edificios de uso residencial colectivo, o uso residencial deberá estenderse polo menos ata o 60% da súa edificabilidade sobre rasante.

Artigo 15 REQUISITOS DAS ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

De acordo co disposto no RD 233/2013 e na Orde do 23 de xuño de 2017, as actuacións obxecto de subvención deberá cumprir cos seguintes requisitos:

- 1 O promotor das actuacións deberá ter solicitada licenza urbanística ou, de ser o caso, presentada a comunicación previa correspondente, dentro do prazo establecido para a solicitude das axudas.
- 2 No caso de que no DECRETO 61/2021 do 8 de abril da Xunta de Galicia, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios (IAE), se estableza a obrigatoriedade de dispor do mesmo, de acordo ao RD 233/2013, e o artigo 10.3 da Orde do 23 de xuño de 2017 da Xunta polos que se regula o PEV 2013_2016, no caso de edificios residenciais colectivos deberá achegarse xunto ca solicitude.
- 3 No caso de actuacións que foran iniciadas con anterioridade a esta convocatoria, deberá cumprirse que:

- . A Oficina de rehabilitación e vivenda teña constancia das actuacións por ter sido obxecto de solicitude en convocatorias anteriores, estar inscritas na LIMAR, ou calquera outra actuación na administración que permita constatar os feitos.
- . En ningún caso poden terse iniciado con anterioridade á entrada en vigor do Plan Estatal de Vivenda 2013-2016.
- . A execución das obras deberá estar amparada dende o seu inicio por licenza municipal ou, se é o caso, someterse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, así como dispoñer de todas as autorizacións sectoriais preceptivas.

Artigo 16 TIPIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS

As actuacións obxecto de subvención tipifícanse do seguinte xeito:

- . Actuacións de mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade, sempre que inclúan a instalación de elevador que de servizo a mais dunha vivenda.
- . Actuacións en materia de eficiencia enerxética e sustentabilidade que melloren as condicións da envolvente (fachadas e/ou cuberta) do conxunto do edificio.
- . Resto de actuacións que non cumpran as condicións necesarias para ser consideradas dentro dos dous apartados anteriores.

Artigo 17 ORZAMENTO SUBVENCIONABLE DAS ACTUACIÓNS

O orzamento subvencionable das actuacións poderá incluír os seguintes conceptos:

- 1 O custo efectivo da execución das actuacións subvencionables recollido no documento técnico presentado para a súa autorización municipal. Este orzamento non poderá superar os custos medios do mercado, determinados en conformidade coa última edición publicada da Base de prezos da Construción de Galicia.

De acordo coa lexislación de contratos e de subvencións vixente, cando o importe do orzamento das obras previstas exceda da cantidade de 40.000 € sen contar o IVE, deberán achegarse polo menos tres orzamentos, de data anterior ao momento da contratación correspondente, debendo existir unha xustificación razoada no caso de non optarse pola oferta económica máis vantaxosa.

A efectos do cálculo do orzamento subvencionable, considerarase o da mellor oferta presentada no caso de ser inferior á recollida no documento técnico.

- 2 Os honorarios profesionais relativos á redacción do proxecto, dirección de obra, dirección de execución, coordinación de seguridade e saúde, e informes técnicos e certificados necesarios, na parte proporcional aplicable ao orzamento das actuacións subvencionables.

De acordo coa lexislación de contratos e de subvencións vixente, cando o importe do orzamento destes servizos exceda da cantidade de 15.000 € sen contar o IVE, deberán achegarse polo menos tres orzamentos, de data anterior ao momento da contratación correspondente, debendo existir unha xustificación razoada no caso de non optarse pola oferta económica máis vantaxosa.

- 3 Os gastos derivados da tramitación administrativa que a persoa solicitante puidera satisfacer a unha empresa ou profesional por levar a cabo a xestión administrativa e documental da súa solicitude e as actuacións recollidas nela, non podendo superar o 2% do importe da axuda outorgada, cun límite de 1.200 € por expediente e edificio.

De acordo ao artigo 10.5 da Orde do 23 de xuño de 2017 da Xunta de Galicia, no custo total das obras non se incluírán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.

A suma dos custos correspondentes aos conceptos anteriores representará o que será considerado o orzamento subvencionable, o cal deberá acadar polo menos a cantidade de 1.000 € por actuación consumida.

Capítulo 3 RÉXIME DE PRELACIÓN

Artigo 18 CRITERIO DE PRELACIÓN

Establécese como criterio de prioridade a efectos da orde de prelación dos edificios na concesión de axudas, o seguinte:

- 1 En primeiro lugar, consideraranse as solicitudes correspondentes a actuacións que obtiveran cualificación provisional do Instituto Galego de Vivenda e Solo correspondente a anteriores convocatorias ao abeiro do PEV 2013_2016 que non xustificaran no seu momento a finalización das actuacións dentro do prazo de xustificación establecido.

Neste caso se adscribirán directamente á Fase e financiamento correspondente á cualificación e expediente orixinais, cas mesmas contías asignadas no seu día, salvo erro manifesto.

- 2 En segundo lugar, das restantes solicitudes, consideraranse as que comprendan actuacións tipificadas como de mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade, ordenadas segundo a data de presentación no Concello da correspondente solicitude de licenza ou comunicación previa de obra, tendo as mais antigas preferencia sobre as mais recentes.
- 3 En terceiro lugar, das restantes solicitudes, consideraranse as que comprendan actuacións das tipificadas como de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade, ordenadas segundo a data de presentación no Concello da correspondente solicitude de licenza ou comunicación previa de obra, tendo as mais antigas preferencia sobre as mais recentes.
- 4 Por ultimo, consideraranse o resto de solicitudes, ordenadas segundo a data de presentación no Concello da correspondente solicitude de licenza ou comunicación previa de obra, tendo as mais antigas preferencia sobre as mais recentes.

Artigo 19 PROTOCOLO DE ADSCRICIÓN DAS AXUDAS

- 1 As solicitudes correspondentes a actuacións que houberan obtido cualificación provisional do IGVS correspondente a anteriores convocatorias se adscribirán directamente á Fase e financiamento correspondente á cualificación e expediente orixinais, cas mesmas contías asignadas no seu día.
- 2 A continuación as solicitudes se adscribirán, de acordo á orde de prelación establecida, á Fase na que habendo dispoñibilidade de actuacións, o solicitante obteña a maior contía posible de axuda en función do financiamento dispoñible en cada una delas.

Capítulo 4 SOLICITUDE AXUDAS

Artigo 20 MODELO I DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

A solicitude de axudas para as actuacións subvencionables en edificios de uso residencial colectivo formalizarase mediante a presentación do [MODELO I – SOLICITUDE DE COMUNIDADES DE PROPIETARIOS](#) anexo a estas bases no que deberá facerse constar inescusablemente a seguinte información:

- A** Datos da convocatoria, indicando:
 - . Número e data do Boletín Oficial da Provincia
 - . Nome da convocatoria de subvencións
- B** Datos do edificio obxecto das actuacións, indicando:
 - . Enderezo
 - . Referencia catastral
- C** Datos da comunidade de propietarios que solicita as axudas, indicando:
 - . NIF da comunidade
 - . Razón
 - . Correo electrónico
 - . Número de residentes maiores de 65 anos e/ou con algunha discapacidade recoñecida.
 - . Nome e teléfono de contacto do presidente da comunidade
 - . NIF, nome e teléfono de contacto do representante (obrigatorio) da comunidade
 - . Correo electrónico válido para notificacións administrativas.

A continuación se indicará a documentación administrativa preceptiva que se achega, ou, no seu caso, se esta xa consta nun expediente previo de inscrición na LIMIAR.

Antes de asinar, se indicará si se presta ou non **CONSENTIMENTO** para a reutilización polo Concello dos documentos achegados e para que, se é posible, os datos ou documentos necesarios para o trámite desta solicitude sexan obtidos mediante consulta a outras administracións.

O representante designado pola comunidade de propietarios debe asinar este documento e aportar as seguintes FICHAS, anexas a estas bases, recompilando toda a información necesaria para a súa tramitación:

- . Estrutura da propiedade
- . Vivendas ou locais
- . Actuacións subvencionables

Artigo 21 FICHA DE ESTRUCTURA DA PROPIEDAD

Xunto co modelos de solicitude das axudas de comunidades de propietarios, o representante da propiedade deberá aportar a [FICHA DE ESTRUCTURA DA PROPIEDAD](#) do edificio, na que deberá facerse constar inescusablemente a seguinte información:

- D** Relación de vivendas e locais, cotas de participación e persoas titulares das propiedades indicando os seguintes datos da totalidade das vivendas e locais do edificio:

- . Andar e letra
- . Referencia catastral
- . Uso e Superficie
- . Cota de participación no custo efectivo das actuacións.
- . Persoa propietaria (o unha no caso de varios propietarios) indicando:
 - . NIF
 - . Nome e apelidos
 - . Enderezo (a efectos de notificación)
 - . Teléfono de contacto
 - . Correo electrónico
- . Se indicará se consta ou non que o propietario (o algún dos propietarios cando son varios) de cada unha das vivendas e locais ten interese nas axudas solicitadas.

Será responsabilidade da persoa que asina e presenta a solicitude, que a relación de propiedades e titulares estea completa e sexa veraz.

Artigo 22 FICHA DE VIVENDAS OU LOCAIS

Xunto co Modelo de solicitude de axudas da comunidade de propietarios as axudas e a Ficha de estrutura da propiedade, o representante da propiedade deberá aportar unha [FICHA DE VIVENDA OU LOCAL](#) de cada un dos casos no que non sexan de propiedade única ou gananciais, identificando a propiedade (referencia catastral e piso e letra) e facendo constar inescusablemente a seguinte información:

- E** Relación de persoas cotitulares da propiedade indicando en cada caso:
- . NIF
 - . Nome e apelidos
 - . Enderezo (a efectos de notificación)
 - . Teléfono de contacto
 - . Correo electrónico
 - . Se indicará se consta ou non que ten interese nas axudas solicitadas.

Artigo 23 FICHA DE ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Xunto co Modelo de solicitude das axudas de comunidades de propietarios das Fichas anteriores, o representante da propiedade deberá aportar unha [FICHA DE ACTUACIÓN SUBVENCIONABLES](#), identificando o edificio (referencia catastral) e facendo constar inescusablemente a seguinte información:

- F** Datos básicos das actuacións obxecto de solicitude:
- . Data do documento técnico de execución (visado proxecto ou memoria valorada)
 - . Nome do técnico(a)/empresa redactor(a)
 - . Data da solicitude de licenza e número do expediente
 - . De ser o caso, data de inicio das obras
 - . No caso de obras iniciadas con anterioridade a data da convocatoria indicar expediente de xustificación do seguimento previo ao inicio das obras (LIMIAR, outras convocatorias, etc)

- G** Datos económicos das actuacións obxecto de solicitude de axudas
- . Tipo de actuacións e orzamento correspondente desagregado polo tipo de actuacións:
 - . De mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade
 - . De mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade
 - . De conservación e adaptación á normativa vixente
 - . De ser o caso en virtude da contía do orzamento subvencionable, indicar os seguintes datos de cada unha das tres ofertas aportadas, indicando cal é a seleccionada para a execución das obras:
 - . Data da oferta
 - . Nome da persoa expedidora provedora, contratista do servizo, etc
 - . Importe sen IVE
 - . De ser o caso en virtude da contía do orzamento de honorarios técnicos, indicar os seguintes datos de cada unha das tres ofertas aportadas, indicando cal é a seleccionada para a execución das obras:
 - . Data da oferta
 - . Nome da persoa expedidora provedora, contratista do servizo, etc
 - . Importe sen IVE
 - . De ser o caso, orzamento de honorarios pola tramitación administrativa das axudas, indicando:
 - . Data da oferta
 - . Nome da persoa expedidora provedora, contratista do servizo, etc
 - . Importe sen IVE
- H** Documentos xustificativos:
- . Data do Informe de Avaliación do Edificio (IAE)
 - . Nome do técnico(a)/empresa redactor(a)

A continuación se indicará a documentación técnica preceptiva que se achega, ou, no seu caso, se esta xa consta nun expediente previo de inscrición na LIMIAR.

Artigo 24 MODELO II DE DECLARACIÓN INDIVIDUAL DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Xunto co modelo de solicitude de axudas que corresponda (dunha comunidade de propietarios ou dun edificio unifamiliar), cada unha das persoas propietarias do edificio e/ou vivendas obxecto da solicitude, que pretendan ser beneficiarias destas axudas, presentará unha declaración individual responsable, formalizada mediante a presentación do **MODELO II DE DECLARACIÓN INDIVIDUAL DAS PERSOAS BENEFICIARIAS** anexo a estas bases, debidamente cuberto no que, trala identificación da propiedade (endereço, referencia catastral e cota de titularidade), declarará os seguintes apartados:

- A** Datos da persoa beneficiaria das axudas, indicando:
- . DNI/ NIE
 - . Nome e apellidos
 - . Teléfono
 - . Endereço e/ou correo electrónico a efectos de notificacións

- . NIF, nome e teléfono de contacto do representante se é o caso, indicando a documentación acreditativa da representación con que conta.
- B** Autorización ou non á consulta de estar ao corrente de pagos coas seguintes administracións: Axencia Estatal de Administración Tributaria, Tesouraría Xeral da Seguridade Social, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela.
- C** Declaración responsable de:
 - . Non ter ningunha prohibición para a obtención da condición de persoa beneficiaria das sinaladas nos apartado 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - . De acordo co artigo 28.3 do R.D. 233/2013 que se regula o Plan Estatal e 11.6 da Orde do 23 de xuño de 2017, non ser beneficiario de axudas do programa de rehabilitación edificatoria do R.D. 233/2013 para o mesmo obxecto noutras convocatorias.
 - . Compromiso de destino da vivenda a residencia habitual propia ou en réxime de alugueiro durante 5 anos.
 - . Non ter débedas coas seguintes administracións: Axencia Estatal de Administración Tributaria, Tesouraría Xeral da Seguridade Social, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela.
 - . Outras axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación, indicando entidade pública e importe correspondentes.

Antes de asinar, se indicará si se presta ou non CONSENTIMENTO para a reutilización polo Concello dos documentos achegados e para que, se é posible, os datos ou documentos necesarios para o trámite desta solicitude sexan obtidos mediante consulta a outras administracións.

Capítulo 5 DOCUMENTACIÓN PRECEPTIVA

Artigo 25 DOCUMENTACIÓN A INCORPORADA AO EXPEDIENTE

No caso de atoparse realizada a inscrición na LIMIAR e así se indique, só deberá presentarse aquela documentación que non obre xa en poder desta administración, debéndose unicamente, se é o caso, actualizala naqueles aspectos que o precise.

Independentemente da documentación relacionada, no transcurso da tramitación da concesión das axudas, o Concello poderá requirir a información e documentación das persoas beneficiarias que precise para aclarar calquera dos aspectos recollidos nas presentes bases, a presentación de orixinais, ou outros documentos que se considere necesarios e imprescindibles para ditar resolución.

Artigo 26 DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA ANEXA AO MODELO I

Xunto ca solicitude da axuda, a comunidade de propietarios a través do seu representante presentará a seguinte documentación administrativa:

- 1 Copia do orixinal do documento de identificación da persoa que asine a solicitude e, de ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa en nome da cal actúe.

- 2 No caso de comunidades de propietarios, copia do orixinal de:
 - a. Documento de identificación fiscal da comunidade de propietarios e da persoa que presida ou represente á comunidade, no caso de que a promotora das actuacións sexa unha comunidade de propietarios constituída consonte ao disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, de 21 de xullo, de propiedade horizontal.
 - b. Documento xustificativo do nomeamento do presidente da comunidade, no caso de que a promotora das actuacións sexa unha comunidade de propietarios constituída consonte ao disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, de 21 de xullo, de propiedade horizontal.
 - c. Documento de identificación fiscal do presidente da comunidade, no caso de que a promotora das actuacións sexa unha comunidade de propietarios constituída consonte ao disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, de 21 de xullo, de propiedade horizontal
 - d. Acta ou certificado da xunta de propietarios onde se aprobe a execución das actuacións e a solicitude da subvención.

Artigo 27 DOCUMENTACIÓN TÉCNICA ANEXA Á FICHA DE ACTUACIÓNS

Xunto ca Ficha de actuacións, a comunidade de propietarios a través do seu representante presentará a seguinte documentación técnica:

- 1 Orzamento de execución das actuacións nun formato editable de folia de cálculo, que virá desagregado por partidas segundo a tipificación das actuacións de:
 - a. Mellora da eficiencia enerxética e da sustentabilidade.
 - b. Mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade.
 - c. Conservación ou adecuación á normativa vixente.

O orzamento de execución material das obras poderá recoller unha intervención maior da comprendida polas actuacións obxecto de subvención, pero en ningún caso se considerarán obras subvencionables aquelas que non estean recollidas na correspondente autorización municipal.

No seu caso, copia en formato PDF da oferta económica da empresa construtora seleccionada para executar as actuacións, asinada e con datos completos de data, oferente e identificativos do obxecto. A oferta deberá vir desagregado por partidas con prezos descompostos e nun formato editable de folia de calculo.

Neste orzamento deberán ser perfectamente identificables as partidas incluídas no orzamento obxecto de solicitude de axudas do apartado anterior, coincidindo exactamente na súa descrición e medición co mesmo.

- 2 Copia da oferta económica dos honorarios técnicos correspondentes á elaboración da documentación técnica, á dirección de obra, á dirección de execución de obra e á coordinación de seguridade e saúde, e de ser o caso, da oferta económica dos honorarios de xestión administrativa e documental das tramitacións correspondentes.
- 3 No caso de ser esixible, informe de avaliación do edificio cos requisitos esixidos pola normativa de aplicación.

Artigo 28 DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA ANEXA AO MODELO II

Xunto ca solicitude da axuda, cada unha das persoas beneficiarias presentará a seguinte documentación administrativa:

- 1 Copia do orixinal do documento de identificación da persoa que asine a solicitude e, de ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa en nome da cal actúe.
- 2 Certificado ou nota simple do Rexistro da Propiedade de cada unha das propiedades incluídas na relación de vivendas e locais do inmovible actualizada á realidade da propiedade no momento da solicitude, e en ningún caso cunha antigüidade superior aos 6 meses anteriores á convocatoria.

Excepcionalmente, no suposto de que nos 6 meses anteriores á convocatoria, a titularidade dalgunhas das propiedades foxe obxecto de alteración, poderase achegar para acreditar a titularidade e a participación, outra documentación acreditativa do feito, acto ou negocio xurídico que demostre a adquisición, alteración ou modificación da titularidade do inmovible.

Capítulo 6 TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES DE AXUDAS

Artigo 29 DITAME DA COMISIÓN AVALIADORA

Unha vez finalizado o prazo establecido para a presentación de solicitudes, o órgano instrutor revisará aquelas presentadas correctamente, realizará as comprobacións, inspeccións e informes técnicos pertinentes, e emitirá os requirimentos que se consideren necesarios para completar a información e documentación ou aclarar calquera aspecto (consonte co artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), procedendo a continuación do seguinte xeito:

- 1 Identificaranse as solicitudes que NON reúnan os requisitos básicos para optar ás axudas por incumprir algunha das determinacións establecidas nas bases sobre algún dos seguintes aspectos:
 - . Prazo de solicitude
 - . Localización da actuación
 - . Uso do edificio
 - . Tipo de actuación
 - . Solicitude de autorización municipal
 - . Informe de avaliación do edificio
 - . Estado das obras
- 2 As solicitudes que SI cumpran os requisitos anteriores serán relacionadas de acordo coa orde de prelación establecida nestas bases, calculándose as contías das axudas correspondentes as solicitudes seguindo a orde de prelación e adscribíndoas á Fase que corresponda en cada caso de acordo ao protocolo de adscripción establecido, ata esgotar o número de actuacións e/ou o financiamento dispoñible.
- 3 De acordo a dita relación, a Comisión avaliadora, no prazo de tres (3) meses dende a finalización do prazo de solicitude, formalizará o correspondente ditame no que se recollerá a relación de solicitudes que SI compren os requisitos básicos e son

susceptibles de recibir as axudas por existir dispoñibilidade de actuacións e financiamento.

- 4 Unha vez emitido o anterior ditame, elevaranse ao órgano competente a proposta para DENEGAR as axudas daquelas solicitudes que NON reúnan os requisitos básicos.

Artigo 30 APROBACIÓN INICIAL

- 5 O Concello emitirá unha certificación municipal referida aos edificios e persoas beneficiarias correspondentes relacionadas no ditame da Comisión Avaliadora, instando a súa CUALIFICACIÓN PROVISIONAL por parte da área provincial do IGVS, que incluírá a seguinte información:
 - . Identificación da persoa solicitante ou entidade solicitante.
 - . Tipo de actuación.
 - . Orzamento protexido distribuído de acordo coa desagregación establecida no artigo de actuacións consideradas a efectos das presentes bases.
 - . Contía das axudas distribuída segundo a administración e anualidade que corresponda en cada caso.
 - . Prazo límite para a execución e xustificación das actuacións.
- 6 Unha vez emitidas polo órgano competente da Comunidade Autónoma as cualificacións provisionais ou as resolucións polas que se deneguen, serán notificadas ás persoas beneficiarias, as cales deberán presentar no prazo de 10 días hábiles os certificados de estar ao corrente con aquelas administracións nas que, ou ben non se houbera autorizado ao Concello á súa consulta, ou ben este non tivera habilitada a posibilidade de acceso.
- 7 Elevarase ao órgano municipal competente a proposta de:
 - . APROBACIÓN INICIAL daquelas solicitudes que contén coa cualificación provisional, e cumpran os requisitos, que terá a condición de acto de trámite previo e necesario para a obtención da subvención.
 - . DENEGACIÓN daquelas solicitudes para as que non existe suficiente dispoñibilidade de actuacións e/ou financiamento.

Con carácter xeral e dependendo sempre do prazo de emisión das certificacións provisionais por parte do IGVS, o prazo de resolución das axudas será de seis (6) meses dende a finalización do prazo de solicitude.

Artigo 31 OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS CON APROBACIÓN INICIAL

A persoas beneficiarias promotoras de actuacións con cualificación provisional autonómica, ou, de ser o caso, o seu representante, deberán cumprir as seguintes obrigas:

- a No caso de non estar iniciadas as obras no momento da solicitude, comunicar mediante certificado da dirección facultativa no caso de obras maiores o por simple comunicación no caso de obras menores, o seu inicio.
- b Expor, na localización das obras correspondentes de forma visible dende o espazo público e con custe a cargo das persoas beneficiarias, un letreiro ou bandeira exterior segundo o modelo facilitado polo órgano instrutor no que figuren os importes das

- subvencións achegadas polo Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana e polo IGVS.
- c Realizar as actuacións de rehabilitación para as cales se conceden as axudas, de conformidade coa licenza de obras e coas resolucións de cualificación provisional e aprobación inicial.
 - d Comunicar en xeral ao órgano instrutor calquera modificación das condicións iniciais que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda dos propietarios de vivendas e locais, e en particular:
 - . Execución de actuacións diferentes das recollidas no orzamento subvencionable autorizado polo Concello.
 - . Variación dalgún dos axentes responsables da execución das obras: dirección facultativa, empresa construtora, etc.
 - e Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que as administracións actuantes consideren pertinentes realizar.
 - f Xustificar dentro do prazo establecido a correcta execución das actuacións obxecto de subvención.

Capítulo 7 XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

Artigo 32 PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

A persoa beneficiaria con aprobación inicial das axudas, ou, de ser o caso, o seu representante, deberá xustificar a subvención no prazo máximo de un (1) mes dende a súa finalización e en todo caso dentro do prazo fixado na resolución de cualificación provisional autonómica.

No caso de non aportarse a xustificación correspondente dentro do prazo establecido, requirirase as solicitudes de axuda que contén con aprobación inicial a presentación da documentación que recolla o cumprimento das condicións establecidas nestas bases dentro do prazo de execución fixado.

Artigo 33 XUSTIFICACIÓN DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS

A xustificación da subvención se realizará mediante a presentación do [MODELO III DE XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS](#), anexo a estas bases, no que se deberá facer constar inescusablemente a seguinte información:

- A** Datos da convocatoria, indicando:
 - . Número e data do Boletín Oficial da Provincia
 - . Nome da convocatoria de subvencións
- B** Datos do edificio obxecto das actuacións, indicando:
 - . Enderezo
 - . Referencia catastral
- C** Declaración de finalización das actuacións subvencionables, indicando:
 - . Data de finalización
 - . Importe total do orzamento realmente executado

A continuación se indicará a documentación administrativa preceptiva que se achega.

Artigo 34 DOCUMENTACIÓN PRECEPTIVA

Xunto co anterior modelo en todo caso deberá aportarse copia do orixinal da documentación que se indica a continuación:

- a Certificado final de obra elaborada polo técnico responsable da dirección facultativa cando o tipo de obra o esixa ou, no seu caso, comunicación do responsable das obras.
- b Orzamento das actuacións subvencionables realmente executadas, de acordo co formato disposto nestas bases.
- c Conta xustificativa das facturas emitidas pola empresa contratada para o efecto e demais prestatarios de servizos cuxo custo foi obxecto de subvención, coa sinatura do técnico competente se a natureza dos traballos así o esixise, así como os seus correspondentes xustificantes de pagamento:
 - . Os pagos deberán acreditarse a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pago, nos que queden claramente identificados o receptor e o emisor do pago. Non se admitirán os pagos nin os ingresos en efectivo.
 - . O pago mediante transferencia bancaria xustificarse mediante copia do seu resguardo de cargo, no que deberá figurar o concepto da transferencia, número de factura ou, en defecto deste, o concepto aboado.
 - . En todos os xustificantes de pago que achegue o beneficiario debe figurar como emisor del; no caso de non aparecer achegará acreditación da entidade bancaria que conteña información sobre o emisor do pago, destinatario, data e importe.
 - . As facturas reunirán en todo caso os seguintes requisitos: nome, razón social, enderezo e NIF de quen emite a factura, IVE desagregado, nome, enderezo, NIF do pagador e forma de pago e restantes requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Deberá quedar claramente descrito o produto vendido ou o servizo prestado.
- d Boletíns de alta das instalacións afectadas pola actuación que así o requiran ou, no seu defecto, certificado que xustifique a súa non necesidade.

Capítulo 8 TRAMITACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS

Artigo 35 VALORACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS

En xeral, será causa de denegación das axudas o incumprimento das obrigas e condicións recollidas nestas bases, así como de calquera dos requisitos previstos no RD 233/2013 para obter a condición de persoa ou entidade beneficiaria. En concreto, serán causa de denegación as seguintes:

- a Non executar as obras de conformidade cos prazos e condicións previstos nestas bases e nas resolucións de cualificación provisional e aprobación inicial.
- b Non executar as obras de conformidade coa licenza ou comunicación previa de obras ou non cumprir as condicións recollidas nela, de tal xeito que resulte imposible a súa legalización dentro do prazo indicado na resolución de cualificación provisional.

- c A obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

En ningún caso se considerará a efectos do cálculo da correspondente subvención un orzamento subvencionable superior ao cualificado provisionalmente. Excepcionalmente, cando o orzamento xustificado das actuacións completadas teña unha contía inferior ao que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que están rematadas e manteñen a súa coherencia cos obxectivos e requisitos establecidos, minorarase o importe da subvención aprobada inicialmente.

A excepción indicada no anterior parágrafo refírese a pequenos axustes na execución das obras proxectadas que non impidan o cumprimento dos obxectivos de mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade dos edificios ou a mellora da súa eficiencia enerxética e sustentabilidade, que outorgaran ao solicitante prioridade nesta convocatoria.

Artigo 36 APROBACIÓN DEFINITIVA

Xustificada a execución das actuacións, o órgano instrutor realizará as comprobacións, inspeccións e informes técnicos pertinentes, emitindo os requirimentos que se consideren necesarios consonte co artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para completar a información e documentación ou aclarar calquera aspecto delas, procedendo do seguinte xeito:

- 1 Elevaranse ao órgano competente as propostas de resolución denegatoria das solicitudes que NON cumpran coas condicións establecidas ou non emenden os defectos sinalados nos correspondentes requirimentos.
- 2 Determinarase a contía definitiva da axuda das solicitudes que SI cumpran coas condicións establecidas.
- 3 O Concello emitirá unha certificación municipal do cumprimento dos requisitos esixidos referida aos edificios e persoas beneficiarias correspondentes, instando a súa CUALIFICACIÓN DEFINITIVA por parte da área provincial do IGVS, incluíndo a seguinte información:
 - . Identificación da persoa solicitante ou entidade solicitante.
 - . Tipo de actuación.
 - . Orzamento protexido distribuído de acordo coa desagregación establecida no artigo de actuacións consideradas a efectos das presentes bases.
 - . Contía final das axudas distribuída segundo a administración e anualidade que corresponda en cada caso.
 - . Data de remate da execución das actuacións xustificadas.
- 4 Unha vez emitidas as cualificacións solicitadas, ou as resolucións polas que se deneguen, remitiranse ás persoas beneficiarias, as cales, poderán alegar o que estimen oportuno no prazo de 10 días hábiles.
- 5 Elevarase ao órgano municipal competente a proposta de:
 - . DENEGACIÓN da subvención daquelas solicitudes que non obtiveran a cualificación definitiva solicitada.

- . APROBACIÓN DEFINITIVA daquelas solicitudes que contén coa cualificación definitiva e cumpran os requisitos, co seu mesmo contido, e que terá a condición de acto de trámite previo e necesario para a obtención da subvención.

Se no prazo de tres (3) meses dende a comunicación ao Concello do remate das obras, non se notifica resolución, a concesión da axuda entenderase denegada.

Os acordos da Xunta de Goberno Local de concesión ou denegación das subvencións poñen fin á vía administrativa.

Artigo 37 PAGAMENTO DAS SUBVENCÍONS

O pago realizarase pola contía que resulte de aplicar o disposto na presente convocatoria ao custo final efectivamente xustificado das actividades subvencionadas, sen poder superar en ningún caso a cantidade calculada inicialmente.

Con carácter previo ao pago das subvencións, as persoas beneficiarias deberán presentar os seguintes certificados:

- a De titularidade da conta bancaria que designen para o pagamento
- b De atoparse ao corrente cas seguintes administracións (salvo que de estar habilitada a posibilidade se houbera autorizado á administración para a súa consulta):
 - . Axencia Estatal de Administración Tributaria
 - . Tesouraría Xeral da Seguridade Social
 - . Consellería de Facenda da Xunta de Galicia
 - . Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 38 REVOGACIÓN DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS

Serán causas de revogación das subvencións o incumprimento das obrigas recollidas nas presentes bases, tendo en conta que a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, pode dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Capítulo 9 OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Artigo 39 OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DAS SUBVENCÍONS

O beneficiario das subvencións reguladas nas presentes bases, deberán:

- 1 Destinar o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes actuacións.
- 2 Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos co fin de que poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.
- 3 Comunicar ao órgano instrutor calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.
- 4 Comunicar ao órgano instrutor a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais

- 5 Dar cumprimento ás obrigas recollidas no artigo 14 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e no 11 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
- 6 De acordo co establecido no artigo 29.4.a da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e o 7 do Decreto 18/2014, a vivenda deberá destinarse a residencia habitual, propia ou en réxime de alugueiro, durante un prazo de cinco (5) anos.

Artigo 40 INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD

A obriga de destino da vivenda a residencia habitual, farase constar no Rexistro da Propiedade mediante o correspondente asento na escritura, na que deberá constar:

- . A percepción da subvención e o seu importe.
- . As condicións de destino e prazo establecidas nas presentes bases.
- . A obrigatoriedade de autorización municipal para calquera cambio de destino, alleamento ou gravame.

Nos casos de transmisión da propiedade durante o prazo establecido, será obrigatorio reintegrar o importe da axuda recibida mais os gastos de liquidación no Rexistro da Propiedade e os xuros de mora xerados dende a súa percepción, salvo no caso das transmisións *mortis causa* cando o que recibe a propiedade cumpra os requisitos establecidos nestas bases.

Artigo 41 DESTINO DE RESIDENCIA HABITUAL

No seu caso, o cumprimento de destino da vivenda a residencia habitual, propia ou en réxime de alugueiro acreditarase mediante a correspondente certificación ou voante de empadramento referido ás persoas con residencia habitual na vivenda:

- . Enténdese incumprida esta obriga, salvo proba en contrario, se dentro do prazo establecido a contar dende a data da resolución de concesión, non consta ninguén empadramento na vivenda durante un período superior a 183 días naturais consecutivos ou durante un período de máis de 365 días naturais non consecutivos.
- . En todo caso, non será suficiente para acreditar que a vivenda é a residencia habitual e permanente dalgunha persoa física a achega dun contrato de arrendamento de vivenda en vigor formalizado nos termos da Lei 29/1994, de 24 de novembro, de arrendamentos urbanos.
- . No suposto de que se destinen ao alugamento e se atope sen uso, estarán obrigados durante o mesmo prazo incluílas nos programas de alugueiro de vivendas baleiras que se poidan aprobar no Concello.